

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 15 DE NOVEMBRO DE 2016.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E TRINTA MINUTOS** do día **QUINCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**. Asisten igualmente a concelleira **M^a del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**
- 2º.- **ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**
- 3º.- **DEVOLUCION DE AVAIS.**
- 4º.- **SERVIZOS SOCIAIS.**
- 5º.- **ADHESION AOS PROXECTOS DE ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO DO IDAE DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014 - 2020 DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL FEDER.**
- 6º.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEGAMP E O COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA (CPEIG) PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN CONCELLOS E DEPUTACIÓNS DE GALICIA POR ENXEÑEIROS-AS EN INFORMÁTICA.**
- 7º.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEGAMP E O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ENXEÑEIROS INDUSTRAIS.**
- 8º.- **ADHESIÓN DO CONCELLO Ó PLAN COMPOST REVITALIZA D DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.**

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Observado erro no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 31 de outubro de 2016, en relación o acordo do EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DAS OBRAS DE “REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NO CONCELLO DE SILLEDA” - CINCO ACTUACIÓNS”, no tocante a valoración das ofertas presentadas, procédese a corrección das mesmas quedando o acordo redactado:

“7º.- EXPEDIENTE DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DAS OBRAS DE “REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO

PÚBLICO NO CONCELLO DE SILLEDA” - CINCO ACTUACIÓNS”.

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 29 de setembro de 2016 acordouse:

“PRIMEIRO: APROBAR os Proxectos redactados polo Enxeñeiro Técnico Industrial Juan Manuel Rey Gómez (Vertia Ingeniería, S.L.) para as obras de **“Reforma e Mellora Enerxética do Alumeado Público no Concello de Silleda”** - Cinco actuacións, cun orzamento total por contrata de 54.282,52 € segundo o seguinte desglose:

Código	Proxecto	Orzamento €
IN417P/16A-143	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE GORIS, CONCELLO DE SILLEDA	13.769,75 €
IN417P/16A-148	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE SILLEDA (RÚA ARXENTINA)	8.931,06 €
IN417P/16A-151	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE MOALDE, CONCELLO DE SILLEDA	8.734,31 €
IN417P/16A-154	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE AGRO DO VALO	13.559,03 €
IN417P/16A-156	REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DA RUA CAMILO JOSÉ CELA, CONCELLO DE SILLEDA	9.288,37 €

SEGUNDO.-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras de **“Reforma e Mellora Enerxética do Alumeado Público no Concello de Silleda”** - Cinco actuacións, cun orzamento total por contrata de 54.282,52 € segundo o seguinte desglose:

Proxecto	Orzamento €
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE GORIS, CONCELLO DE SILLEDA	13.769,75 €
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE SILLEDA (RÚA ARXENTINA)	8.931,06 €
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE MOALDE, CONCELLO DE SILLEDA	8.734,31 €
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DE AGRO DO VALO	13.559,03 €
REFORMA E MELLORA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DA RUA CAMILO JOSÉ CELA, CONCELLO DE SILLEDA	9.288,37 €

TERCEIRO.- Autorizar, en contía de 20.636,32 €, o gasto que para este Concello representa a contratación da obra por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 165.633, do estado de gastos do Orzamento Municipal vixente.

CUARTO.- Nomear como Director das Obras ó Arquitecto municipal, Dº Lino Manuel Doporto Framil.

QUINTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

SEXTO.- Solicitar ofertas ás seguintes empresas, escollidas de común acordo polo Alcalde e os Concelleiros presentes, por considerarlas capacitadas para realizar o obxecto do contrato.

- Proxectos Obras e Servicios, S.L.
Santo Domingo, Galería Sto. Domingo 0 baixo - Local 14
32.005 - Ourense
- Instalaciones Deza, S.L.
Fucarelos, nº 6 - Cira
36.587 - Silleda
(Pontevedra)
- Endenor, Construcción, Mantenimiento y Servicios, S.L.
Ansemil, nº 27
36.546 - Silleda”

Visto que procedeu a convocar a 3 empresas a que presentasen ofertas, tratándose dun contrato de obras por procedemento negociado sen publicidade, co resultado seguinte:

Empresa	Registro		Importe da oferta IVE engadido €	Prazo Execución	Melloras	Prazo garantía
	Número	Data				
Proxecta Obras e Servicios S.L.	4601	17.10.16	54.161,52	3 semanas	Descarga do tipo 3 conectada a terra en cada luminaria	12 meses
Endenor Mantenimiento y Servicios, S.L.	4657	19.10.16	54.282,52	1 mes		

Considerando a oferta mais ventaxosa a presentada por PROXECTA OBRAS E SERVICIOS, S.L., a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- **ADXUDICAR** o contrato de obras por procedemento negociado sen

publicidade das obras de “**Reforma e Mellora Enerxética do Alumeado Público no Concello de Silleda**” - **Cinco Actuacións**”, a empresa PROXECTA OBRAS E SERVICIOS, S.L., polo prezo de **54.161,52 €**, **IVE engadido**, segundo oferta, mellora e prazo de execución e garantía ofertada.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario, segundo establece a cláusula décimo cuarta (requerimento de documentación) do Prego de Cláusulas Administrativas para que dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

Terceiro.- Dacordo co establecido na cláusula décimo quinta (garantía definitiva) do Prego de Cláusulas Adminsitrativas, o adxudicatario deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Cuarto.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante.”

Queda aprobada a Acta da sesión do 31 de Outubro de 2016 coa corrección indicada anteriormente.

2º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

2.1.- Dase conta do escrito presentado por FRANCISCO JAVIER GÓMEZ REY, Rexistro de Entrada nº 2760, de data 23 de xuño de 2016, presentando reclamación previa en materia re recoñecemento de dereito (antigüidade e carácter indefinido da relación laboral), e solicitando o recoñecemento tanto da data de antigüidade de 01-07-99 como o carácter indefinido da relación laboral.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA**, unha vez realizado o cálculo tal como consta na base de datos, recoñecer a Francisco Javier Gómez Rey unha antigüidade dende o 20 de agosto de 2000, por existir períodos intermedios sin relación laboral.

3º.- DEVOLUCION DE AVAIS.

3.1.- De CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A. escrito de data 31 de outubro de 2016, Rexistro de Entrada nº 4841, solicitando devolución de aval correspondente á actuación "Mellora de Infraestructuras Viarias no Parque Empresarial Área 33", por importe de 4.766,34 € de data 29 de agosto de 2014, da Compañía Española de Seguros y Reaseguros de Crédito y Caución S.A.

VISTO que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún e habendo transcurrido o prazo de garantía,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDA:**

- Proceder a devolución do AVAL de **CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A.**, formalizado o 29 de agosto de 2014 ante a Compañía Española de Seguros y Reaseguros de Crédito y Caución S.A., polo importe de 4.766,34 €, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

4º.- SERVIZOS SOCIAIS.

4.1.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 14 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de, polos seguintes importes:

- Clases de Baile de xxxxxx 14,00 €/mes

4.2.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 30 de setembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **XXXXXXX**, polos seguintes importes:

- Javier López Caramés. 126,60 € (Factura nº A/124 de 02.11.16)
(A Casiña dos Contos)

4.3.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 02 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **XXXXXXXXXXXXX** polos seguintes importes:

- XXXXXXXX 80,00 € (Factura nº 26 de 28.10.16)

4.4.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 03 de novembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de XXXXXXXX, polos seguintes importes:

- . 55,00 € (Factura nº 68 de 31.10.16)
- . 165,00 € (Factura nº 64 de 20.10.16)
- . 50,00 € (Factura nº 25 de 25.10.16)
- . 17,69 € (Factura nº 9/16 de 17.10.16)
- . 35,00 € (Factura 04 de 17.10.16)

5º.- ADHESION AOS PROXECTOS DE ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO DO IDAE DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014 - 2020 DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL FEDER.

Vistas as bases da subvención IDAE 2016 da Deputación Provincial de Pontevedra, que sinalan:

- “ *Ámbito de actuación 1. Eficiencia enerxética e mellora da iluminación nos Bens de Interese Cultural e a súa contorna.*
- Ámbito de actuación 2. Eficiencia enerxética en iluminación exterior.*
- Ámbito de actuación 3. Substitución de caldeiras baseadas en enerxías non renovables por caldeiras de biomasa.*

Información referida a actuacións englobadas no *Ámbito de actuación 1. Eficiencia enerxética e mellora da iluminación nos Bens de Interese Cultural e a súa contorna.*

- X *Actuacións destinadas a mellora estética e de eficiencia enerxética nos Bens de Interese Cultural e a súa contorna. Os bens de interese cultural estarán inscritos no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, do cal forman parte segundo o artigo 22 da LPCG.*
- X *Debido a que as actuacións serán de eficiencia enerxética, é obrigatorio que no lugar de actuación (BIC e/ou contorna) xa exista iluminación.*
- X *Orzamento máximo por concello (pode corresponder a suma de varias actuacións en varios BIC) 50.000 € IVE engadido, co seguinte desglose por concello:*

Orzamento total máximo por concello	50.000 €
<i>Financiamento IDAE (80%)</i>	<i>40.000 €</i>

Financiamento Deputación (15%)	7.500 €
Financiamento Concello (5%)	2.500 €

No caso de que as actuacións non acaden o orzamento máximo recalcularanse os importes de acordo coas porcentaxes da táboa.

Información a remitir nun primeiro intre polo concello á Deputación Provincial referida ao Ámbito de actuación 1:

- X Certificado de adhesión ao proxecto (segundo modelo do Anexo II).
- X Determinación exacta e concreta das zonas de actuación.
- X Histórico de consumos enerxéticos das instalacións existentes afectadas referidas aos derradeiros tres anos). Se deben remitir copias de facturas completas non resumos.
- X Inventario de luminarias e lámpadas instaladas xuntos coas súas características técnicas.
- X Ubicación de cada un dos puntos de luz anteriores, planos, esquemas, etc.
- X Programación horaria de encendido de cada instalación.
- X Orzamento estimado por técnico ou instalador. Debe lembrarse á posibilidade de financiamento da redacción do proxecto e da dirección facultativa. Estes custos, se é preciso incurrir neles, enténdense englobados no orzamento total máximo por concello.
- X Se existe algún proxecto en poder do Concello poderase engadir á documentación.

Información referida a actuacións englobadas no Ámbito de actuación 2. Eficiencia enerxética en iluminación exterior.

- X Actuacións destinadas a mellora estética e de eficiencia enerxética en iluminación exterior.
- X Debido a que as actuacións serán de eficiencia enerxética, é obrigatorio que no lugar de actuación xa exista iluminación.
- X Orzamento máximo por concello (pode corresponder a suma de varias actuacións en varios zonas) 50.000 € IVE engadido, co seguinte desglose por concello:

Orzamento total máximo por concello	50.000 €
Financiamento IDAE (80%)	40.000 €
Financiamento Deputación (15%)	7.500 €
Financiamento Concello (5%)	2.500 €

No caso de que as actuacións non acaden o orzamento máximo recalcularanse os importes de acordo coas porcentaxes da táboa.

Información a remitir nun primeiro intre polo concello á Deputación Provincial referida ao Ámbito de actuación 2:

- X *Certificado de adhesión ao proxecto (segundo modelo do Anexo II).*
- X *Determinación exacta e concreta das zonas de actuación.*
- X *Histórico de consumos enerxéticos das instalacións existentes afectadas referidas aos derradeiros tres anos). Se deben remitir copias de facturas completas non resumos.*
- X *Inventario de luminarias e lámpadas instaladas xuntos coas súas características técnicas.*
- X *Ubicación de cada un dos puntos de luz anteriores, planos, esquemas, etc.*
- X *Programación horaria de encendido de cada instalación.*
- X *Orzamento estimado por técnico ou instalador. Debe lembrarse á posibilidade de financiamento da redacción do proxecto e da dirección facultativa. Estes custos, se é preciso incurrir neles, enténdense englobados no orzamento total máximo por concello.*
- X *Se existe algún proxecto en poder do Concello poderase engadir á documentación.*

Información referida a actuacións englobadas no Ámbito de actuación 3. Substitución de caldeiras baseadas en enerxías non renovables por caldeiras de biomasa.

- X *Actuacións destinadas a substitución de caldeiras de gasóleo baseadas en enerxías non renovables (gasóleo C, gas natural, etc.) por caldeiras de biomasa en instalacións municipais.*
- X *Debido a que as actuacións serán de eficiencia enerxética, é obrigatorio que no lugar de actuación exista xa unha caldeira en funcionamento e a súa instalación anexa.*
- X *No orzamento da caldeira poderase engadir os custos asociados coa obra civil necesaria e as instalacións anexas: depósito de inercia, silo, etc. Non se inclúen substitución de elementos difusores da calor (instalación de calefacción, instalación de AQS ou similares).*
- X *Orzamento máximo por concello (pode corresponder a suma de varias actuacións en varios zonas) 10% do custe de actuación sen superar os 20.000 € IVE engadido por concello, co seguinte desglose por concello:*

Orzamento total máximo por concello
<i>Financiamento IDAE (80%)</i>
<i>Financiamento Deputación (10%) sen superar os 20.000 € IVE engadido</i>
<i>Financiamento Concello (10%)</i>

No caso de que as actuacións non acaden o orzamento máximo recalcularanse os importes de acordo coas porcentaxes da táboa.

Información a remitir nun primeiro intre polo concello á Deputación Provincial referida ao Ámbito de actuación 3:

- X *Certificado de adhesión ao proxecto (segundo modelo do Anexo II).*
- X *Determinación exacta e concreta das zonas de actuación.*

- X *Histórico de consumos enerxéticos das instalacións existentes afectadas referidas aos derradeiros tres anos). Se deben remitir copias de facturas completas non resumos.*
- X *Inventario de luminarias e lámpadas instaladas xuntos coas súas características técnicas.*
- X *Ubicación de cada unha das caldeiras.*
- X *Programación horaria de encendido de cada instalación.*
- X *Orzamento estimado por técnico ou instalador. Debe lembrarse á posibilidade de financiamento da redacción do proxecto e da dirección facultativa. Estes custos, se é preciso incurrir neles, enténdense englobados no orzamento total máximo por concello.*
- X *Se existe algún proxecto en poder do Concello poderase engadir á documentación.*

Nota importante: A Deputación dispón de anteprojectos para a substitución de caldeiras de gasóleo C nos concellos interesados no seu momento no proxecto M2E. Para o aproveitamento da información contida nestes anteprojectos os técnicos municipais deberanse por en contacto cos técnicos do Servizo de Cooperación Municipal para recibir copia do anteprojecto.”

A Xunta de Goberno Local, enterada da comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra referente a convocatoria arriba citada, por unanimidade, **ACORDA:**

1. Adherirse aos proxectos

- Eficiencia enerxética e mellora da iluminación nos Bens de Interese Cultural e a súa contorna.
 - Eficiencia enerxética en iluminación exterior.
 - Substitución de caldeiras baseadas en enerxías non renovables por caldeiras de biomasa.
2. Comprométese a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as aportacións municipais para a realización dos mencionados proxectos, no caso de ser subvencionados con cargo aos anteditos fondos.

6º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEGAMP E O COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑARÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA (CPEIG) PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN CONCELLOS E DEPUTACIÓN DE GALICIA POR ENXEÑEIROS-AS EN INFORMÁTICA.

Dase conta do convenio de colaboración para a formación práctica de enxeñeiros-as en informática entre o Ilustre Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) e o Concello de Silleda, que transcríbese a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN, PARA A FORMACIÓN PRÁCTICA DE ENXEÑEIROS-AS EN INFORMÁTICA, ENTRE O ILUSTRE COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑERÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA E O CONCELLO DE SILLEDA

*Dunha parte o **ILUSTRE COLEXIO PROFESIONAL DE ENXEÑERÍA EN INFORMÁTICA DE GALICIA** (en diante, o Colexio), con domicilio corporativo en Santiago de Compostela, na Rúa Fernando III Ou Santo, 13, 1ªA e con CIF Q1500325D, representado por D. Fernando Suárez Lorenzo, na súa calidade de Presidente, que actúa en nome e representación do Colexio no uso das atribucións que lle confire o artigo 26 dos os seus Estatutos aprobados polo Decreto 112/2008, do 15 de maio, da Xunta de Galicia (DOG do 6 de xuño), así como pola Lei 10/2006 do Parlamento de Galicia, do 1 de decembro, de Creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia.*

*Doutra parte **CONGELLO DE SILLEDA**, , con CIF P 36052001 e domicilio na Rúa Trasdeza, nº 55 (en diante, a Entidade colaboradora), representada por D. Manuel Cuiña Fernández, en calidade de Alcalde.*

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na representación que ostentan, capacidade legal suficiente para subscribir o presente convenio e

para ese efecto

EXPOÑEN

I.- Que o Ilustre Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, corporación de Dereito Público, ten entre as súas funcións a de promover e impulsar a formación permanente dos colexiados-as, a de promover e organizar para os colexiados-as actividades e servizos comúns de interese de carácter profesional e a de procurar o maior nivel de emprego para os colexiados-as; todo iso segundo se prevé no artigo 6 dos Estatutos do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, aprobados polo Decreto 112/2008, do 15 de maio (DOG 6 de xuño).

II.-Co devandito motivo o Colexio desenvolve accións para favorecer a formación dos seus colexiados-as, tales como cursos e programas de formación.

III.-A Entidade colaboradora é membro da Federación Galega de Municipios e Provincias.

IV.- As partes teñen interese en subscribir un convenio para a formación práctica dos Enxeñeiros-as en Informática colexiados-as, que asumirán a condición de bolseiros-as, e que non implique relación laboral entre o bolseiro-a e a Entidade colaboradora.

As partes coñecen que estas bolsas non se regulan polo Real Decreto 1543/2011 polo que se regulan as prácticas non laborais en Entidade colaboradoras nin no Real Decreto 592/2014 do 11 de xullo polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.

*V.- Por estes motivos, as partes acordan subscribir o **presente CONVENIO DE COLABORACION PARA A FORMACIÓN PRÁCTICA** e por canto se desenvolve no presente documento de conformidade coas seguintes*

CLÁUSULAS

Primeira.- Polo presente convenio as partes establecen un acordo co obxecto de fixar as liñas de colaboración entre a Entidade colaboradora e o Colexio en relación ás prácticas dos colexiados deste último nun centro de traballo daquela.

Segunda.- As prácticas na Entidade colaboradora teñen por obxecto esencial asegurar a aplicación práctica dos coñecementos adquiridos polos colexiados-as co cursado e superación da titulación de Enxeñeiro-a en Informática.

Terceira.- O programa de formación será establecido pola Entidade colaboradora, con supervisión do Colexio, en función dos programas que seguise o colexiado-a.

Cuarta.- O período de prácticas será de duración determinada, non sendo en calquera caso superior a seis meses.

As datas do período de prácticas determinaranse en cada caso concreto de común acordo entre as partes procurando, se iso é posible, a maior continuidade temporal co período formativo do bolseiro-a.

Quinta.- A coordinación e supervisión do presente convenio realizarase polas seguintes persoas:

Por parte do Colexio, Fernando Suárez Lorenzo, Presidente do Ilustre Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia .

Por parte da Entidade colaboradora, Manuel Cuiña Fernández.

Sexta.- O Colexio designará un titor académico responsable do correcto desenvolvemento das prácticas.

Sétima.- Para as prácticas de cada colexiado-a, a Entidade colaboradora designará a un titor do colexiado-a. Este titor velará e controlará a realización do programa de formación mantendo para iso as relacións da Entidade colaboradora co colexiado-a bolseiro-a, o seu titor académico e os coordinadores do Convenio.

A Entidade colaboradora obrígase a cumprir o Plan de Formación e a facilitar as instalacións e medios necesarios para conseguir os obxectivos deste.

Oitava.- A relación Colexiado - Entidade colaboradora non supoñerá máis compromiso que o derivado do presente Convenio. En ningún caso xerará relación laboral.

Dado o carácter formativo das prácticas externas que se contemplan no presente documento, da súa realización non se derivará, en ningún caso, obrigacións propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

Os traballos dos bolseiros-as non teñen como finalidade a súa integración no proceso produtivo da Entidade colaboradora senón a súa formación práctica. A relación Entidade colaboradora - bolseiro formalizarase nun documento escrito, asinado pola Entidade colaboradora e mallo-a colexiado-a, que recollerá as seguintes obrigacións do colexiado-a:

1. Autorizar o tratamento dos seus datos de carácter persoal pola Entidade colaboradora e entregar a documentación que establecese a convocatoria da bolsa ou aqueloutra, a petición da Entidade colaboradora, que sexa necesaria ou conveniente para os fins e desenvolvemento da práctica formativa.

2. Respetar a natureza formativa da súa vinculación coa Entidade

colaboradora.

3. Cumprir os requisitos establecidos pola Entidade colaboradora.

4. Respetar en todo momento a normativa da Entidade colaboradora, seguindo as instrucións que lle sexan dadas polo responsable da mesma e cumprir co plan de formación.

5. Desenvolver unha actitude favorable na súa integración formativa na Entidade colaboradora e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento.

6. Informar aos tutores das súas actividades na Entidade colaboradora e manter con eles as reunións que este estime oportunas, así como a participar activamente nas actividades de seguimento establecidas tamén polo mesmo. Todo isto producirase dentro do horario establecido no plan de formación.

7. Gardar con absoluto rigor o segredo profesional e confidencialidade sobre cantas informacións poidan chegar a coñecer en relación co proceso produtivo, sistemas técnicos empregados na Entidade colaboradora ou calquera aspecto económico, comercial ou administrativo de análoga natureza. O bolsreiro-a tamén se compromete a non explotar aqueles traballos realizados no práctica obxecto deste convenio, sen a autorización expresa en ambos os casos da Entidade colaboradora. Este compromiso será válido non só durante a práctica senón tamén unha vez finalizada esta, por un período que, no seu caso, establecerá a propia Entidade colaboradora. Esta circunstancia deberá ser recollida no correspondente documento.

8. No caso de enfermidade ou lesión do colexiado-a, este deberá comunicar a súa situación á Entidade colaboradora, presentando o oportuno parte médico xustificativo da mesma, tendo dereito a ausentarse da Entidade colaboradora sen que isto ocasione ningunha modificación á súa axuda económica, a condición de que a ausencia non exceda os 3 días. No caso de que a ausencia supere os 3 días, a axuda económica prestada ao colexiado será reducida proporcionalmente ao tempo de ausencia, sen incluír na devandita redución os 3 primeiros días da baixa. Por último, no caso de que a ausencia por enfermidade alcance os 15 días, a Entidade colaboradora poderá optar por rescindir as prácticas.

9. No caso de renuncia, o colexiado-a quedará obrigado a comunicarllo á Entidade colaboradora e ao Colexio con 7 días de antelación.

10. Ao longo do período da práctica, o interesado-a estará obrigado-a a entregar calquera outra documentación complementaria que estime conveniente a Entidade colaboradora ou o Colexio para comprobar os datos ou méritos alegados.

11. Cumprimentar e presentar á terminación das prácticas o Cuestionario de Avaliación enviado polo Colexio, o cal recollerá información acerca das actividades desenvolvidas durante o período de prácticas.

12. Tentar resolver calquera cuestión relacionada co desenvolvemento das prácticas de maneira extraxudicial, e pactando expresamente que toda controversia que poida xurdir respecto do acordo e do desenvolvemento do período formativo se resolva mediante arbitraje a administrar pola Corte de

Arbitrase do Colexio de Avogados da Coruña, con suxeición aos seus Estatutos e Regulamento de Procedemento.

Novena.- *Non obstante o carácter formativo das prácticas, e sen que iso altere en forma algunha o seu carácter, durante o período das prácticas os colexiados-as bolseiros-as deberán respectar o réxime de funcionamento existente na Entidade colaboradora, en canto resulte compatible coa normativa aquí establecida.*

Décima.- *En caso de incumprimento polo colexiado-bolseiro do Programa de Prácticas, ou de ter o mesmo algún comportamento prexudicial ou que disturbe a dinámica da Entidade colaboradora, esta resérvase o dereito de poñer fin ás prácticas despois de advertir ao titor académico do bolseiro-a en concreto.*

Décimo primeira.- *Para o presente Convenio de Colaboración Formativa, a Entidade colaboradora que acalle aos colexiados-bolseiros, preverá para o mesmo unha bolsa cuxa cantidade económica quedará reflectida no documento de adscrición de cada colexiado ás prácticas e cuxo abono se axustará ás previsións legais vixentes.*

Na medida en que as prácticas levan unha bolsa con prestación económica por parte da Entidade colaboradora, esta obrígase a cumprir as normas establecidas no Real Decreto 1493/2011 do 24 de outubro de 2011.

Décimo segunda.- *En documento anexo, reflectiranse os nomes concretos dos colexiados-as beneficiarios-as deste Convenio, a duración das súas prácticas e, no seu caso, a contía económica da bolsa que vaian percibir.*

Décimo terceira.- *A Entidade colaboradora declara ter un seguro suficiente de responsabilidade civil e de accidentes que asegure a responsabilidade do bolseiro-a no desempeño da bolsa así como os posibles accidentes que puidese sufrir durante o período formativo de prácticas.*

Décimo cuarta.- *Tódolos gastos non previstos no presente Convenio, tales como os de aloxamento, manutención, transporte e demais que puidese ocasionarlle as prácticas ao colexiado-a, correrán ao seu exclusivo cargo.*

Décimo quinta.- *Este convenio non supón cesión de datos de carácter persoal polo Colexio á Entidade colaboradora nin viceversa. Os alumnos-as proporcionarán directamente os seus datos ao Colexio e á Entidade colaboradora.*

En calquera caso, tanto a Entidade colaboradora como o Colexio comprométese a cumprir coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD) e a normativa de desenvolvemento, en concreto no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD.

Décimo sexta.- O período de vixencia deste Convenio de colaboración será dun ano, prorrogable tacitamente por iguais períodos salvo denuncia expresa por algunha das partes cun mes de antelación á data do fin do período de vixencia inicial ou das súas prórrogas.

Décimo sétima.- Á finalización do período de prácticas de cada colexiado-a, a Entidade colaboradora deberá emitir un certificado polo que se lle recoñeza a este o tempo de prácticas realizado, con expresa mención da especialidade á que estivo orientada a súa formación, así como o programa desenvolvido.

Décimo oitava.- As partes poderán publicitar este acordo. Con todo, a utilización dos logos do Colexio ou da Entidade colaboradora requirirá do consentimento escrito da outra parte.

Décimo novena.- As partes acordan tentar resolver amistosamente calquera cuestión relacionada co presente convenio e facer os seus mellores esforzos para iso.

Así mesmo pactan expresamente que toda controversia que poida xurdir respecto deste convenio e a súa execución, e non se resolva amistosamente, se resolva en todo caso mediante arbitraje a administrar poia Corte de Arbitraje do Colexio de Avogados da Coruña, con suxeición aos seus Estatutos e Regulamento de Procedemento.

E sendo de conformidade das partes, asinan este Convenio de Colaboración Formativa para a realización de Prácticas, en cada unha das súas sete páxinas, por duplicado en Silleda (Pontevedra) a 11 de novembro de 2016

Polo CPEIG	Pola Entidade colaboradora
Fernando Suárez Lorenzo	Manuel Cuiña Fernández
Presidente	Alcalde”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

A adhesión ao convenio do Concello de Silleda, así como a aceptación dos compromisos establecidos no convenio arriba citado, para a organización de prácticas formativas a Enxeñeiros-as en Informática.

7º.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEGAMP E O COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS.

Dase conta do convenio de colaboración para a formación práctica de enxeñeiros industriais entre o Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais

de Galicia (CPEIG) e o Concello de Silleda, que transcríbese a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA LA FORMACIÓN PRÁCTICA DE INGENIEROS INDUSTRIALES, ENTRE EL ILUSTRE COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA Y EL CONCELLO DE SILLEDA.

*De una parte el **ILUSTRE COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS INDUSTRIALES DE GALICIA** (en adelante el Colegio), con domicilio corporativo en A Coruña, en la Calle Alameda, 30-32, 8º y con CIF 015700038, representado por D. Oriol Sarmiento Díez, en su calidad de Decano, que actúa en nombre y representación del Colegio según el acuerdo de la Junta de Gobierno del Ilustre Colegio Oficial de Ingenieros Industriales de Galicia, en el ejercicio de las facultades que le confiere el artículo 28 de los sus Estatutos*

De otra parte, el Concello de Silleda (Pontevedra), con CIF nº P 36052001 y domicilio en la Rúa Trasdeza, 55, representada por, D. Manuel Cuíña Fernández, Alcalde-Presidente.

Ambas partes se reconocen mutuamente, en la representación que ostentan, capacidad legal suficiente para suscribir el presente convenio y a tal efecto

EXPONEN

I.- Oue el Ilustre Colegio Oficial de Ingenieros Industriales de Galicia, corporación de Derecho Público, tiene entre sus funciones la de promover e impulsar la formación permanente de los colegiados; la de promover y organizar para los colegiados actividades y servicios comunes de interés de carácter profesional y la de procurar el mayor nivel de empleo para los colegiados, todo ello según se prevé en el artículo 7 de los Estatutos del Ilustre Colegio Oficial de Ingenieros Industriales de Galicia, aprobado por Decreto 160/2007, de 26 de julio (DOG 9 de agosto).

II.- Con dicho motivo el Colegio desarrolla acciones para favorecer la formación de sus colegiados, como cursos y programas de formación

III.- La Entidad colaboradora, es miembro de la Federación Gallega de Municipios y Provincias.

IV.- Las partes tienen interés en suscribir un convenio para la formación práctica de los Ingenieros Industriales colegiados, que asumirán la condición de becarios, y que no implique relación laboral entre el becario y la Entidad colaboradora.

Las partes conocen que estas becas no se regulan por el Real Decreto

1543/2011 por el que se regulan las prácticas no laborales en Entidad colaboradoras ni en el Real Decreto 592/2014 de 11 de julio por el se regulan las prácticas académicas externas de los estudiantes universitarios.

V.- Por estos motivos, las partes acuerdan suscribir el presente **CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA LA FORMACIÓN PRÁCTICA** y por cuanto se desarrollan en el presente documento de conformidad con las siguientes

CLÁUSULAS

Primera.- Por el presente convenio las partes establecen un acuerdo con el objeto de fijar las líneas de colaboración entre la Entidad colaboradora y el Colegio en relación a las prácticas de los colegiados de este último en un centro de trabajo de aquélla.

Segunda.- Las prácticas en la Entidad colaboradora tienen por objeto esencial asegurar la aplicación práctica de los conocimientos adquiridos por los colegiados con el cursado y superación de la titulación de Ingeniero Industrial.

Tercera.- El programa de formación será establecido por la Entidad colaboradora, con supervisión del Colegio, en función de los programas que haya seguido el colegiado.

Cuarta.- El periodo de prácticas será de duración determinada, no siendo en cualquier caso superior a seis meses.
Las fechas del período de prácticas se determinarán en cada caso concreto de común acuerdo entre las partes, procurando si ello es posible, la mayor continuidad temporal con el periodo formativo del becario.

Quinta.- La coordinación y supervisión del presente convenio se realizará por las siguientes personas:

Por parte del Colegio, Pablo Pérez Vázquez, Director de Gestión del Ilustre Colegio Oficial de Ingenieros Industriales de Galicia.

Por parte de la Entidad colaboradora, D. Manuel Cuíña Fernández.

Sexta.- El Colegio designará un tutor académico responsable del correcto desarrollo de las prácticas.

Séptima.- Para las prácticas de cada colegiado, la Entidad colaboradora designará a un tutor del colegiado. Este tutor velará y controlará la realización del programa de formación manteniendo para ello las relaciones de la Entidad colaboradora con el colegiado becario, su Tutor Académico y los coordinadores del Convenio.

La Entidad colaboradora se obliga a cumplir el Plan de Formación y a

facilitar las instalaciones y medios necesarios para conseguir los objetivos de éste.

Octava.- *La relación colegiado-Entidad colaboradora no supondrá más compromiso que el derivado del presente Convenio. En ningún caso generará relación laboral.*

Dado el carácter formativo de las prácticas externas que se contemplan en el presente documento, de su realización no se derivará, en ningún caso, obligaciones propias de una relación laboral, ni su contenido podrá dar lugar a la sustitución de la prestación laboral propia de puestos de trabajo.

Los trabajos de los becarios no tienen como finalidad su integración en el proceso productivo de la Entidad colaboradora sino su formación práctica. La relación Entidad colaboradora-becario se formalizará en un documento escrito, firmado por la Entidad colaboradora y el colegiado, que recogerá las siguientes obligaciones del colegiado:

- 1. Autorizar el tratamiento de sus datos de carácter personal por la Entidad colaboradora y entregar la documentación que haya establecido la convocatoria de la beca o aquella otra, a petición de la Entidad colaboradora, que sea necesaria o conveniente para los fines y desarrollo de la práctica formativa.*
- 2. Respetar la naturaleza formativa de su vinculación con la Entidad colaboradora.*
- 3. Cumplir los requisitos establecidos por la Entidad colaboradora.*
- 4. Respetar en todo momento la normativa de la Entidad colaboradora, siguiendo las instrucciones que le sean dadas por el responsable de la misma y cumplir con el plan de formación.*
- 5. Desarrollar una actitud favorable en su integración formativa en la Entidad colaboradora y aplicarse con total diligencia y aprovechamiento.*
- 6. Informar a los tutores de sus actividades en la Entidad colaboradora y mantener con ellos las reuniones que éste estime oportunas, así como a participar activamente en las actividades de seguimiento establecidas también por el mismo. Todo esto se producirá dentro del horario establecido en el plan de formación.*
- 7. Guardar con absoluto rigor el secreto profesional y confidencialidad sobre cuantas informaciones puedan llegar a conocer en relación con el proceso productivo, sistemas*

técnicos empleados en la Entidad colaboradora o cualquier aspecto económico, comercial o administrativo de análoga naturaleza. Así como a no explotar aquellos trabajos realizados en la práctica objeto de este convenio, sin la autorización expresa en ambos casos de la Entidad colaboradora. Este compromiso será válido, no sólo durante la práctica, sino también una vez finalizada ésta, por un período que, en su caso, establecerá la propia Entidad colaboradora. Esta circunstancia deberá ser recogida en el correspondiente documento.

8. En el caso de enfermedad o lesión del colegiado, éste deberá comunicar su situación a la Entidad colaboradora, presentando el oportuno parte médico justificativo de la misma, teniendo derecho a ausentarse de la Entidad colaboradora sin que esto ocasione ninguna modificación a su ayuda económica, siempre y cuando la ausencia no exceda los 3 días. En el caso de que la ausencia supere los 3 días, la ayuda económica prestada al colegiado será reducida proporcionalmente al tiempo de ausencia, sin incluir en dicha reducción los 3 primeros días de la baja. Por último, en el caso de que la ausencia por enfermedad alcance los 15 días, la Entidad colaboradora podrá optar por rescindir las prácticas.

9. En el caso de renuncia, el colegiado quedará obligado a comunicarlo a la Entidad colaboradora y al Colegio con 7 días de antelación.

10. A lo largo del período de la práctica, el interesado estará obligado a entregar cualquier otra documentación complementaria que estime conveniente la Entidad colaboradora o el Colegio para comprobar los datos o méritos alegados.

11. Cumplimentar y presentar a la terminación de las prácticas el Cuestionario de Evaluación enviado por el Colegio el cual recogerá información acerca de las actividades desarrolladas durante el período de prácticas.

12. Intentar resolver cualquier cuestión relacionada con el desarrollo de las prácticas de manera extrajudicial, y pactando expresamente que toda controversia que pueda surgir respecto del acuerdo y del desarrollo del período formativo se resuelva mediante arbitraje a administrar por la Corte de Arbitraje del Colegio de Abogados de A Coruña, con sujeción a sus Estatutos y Reglamento de Procedimiento.

Noveno.- No obstante el carácter formativo de las prácticas y sin que ello se

altere en forma alguna su carácter, durante el período de las prácticas, los colegiados becarios deberán respetar el régimen de funcionamiento existente en la Entidad colaboradora, en cuanto resulte compatible con la normativa aquí establecida.

Décima.- *En caso de incumplimiento por el colegiado-becario del Programa de Prácticas o de tener el mismo algún comportamiento perjudicial o que disturbe la dinámica de la Entidad colaboradora, ésta se reserva el derecho de poner fin a las prácticas, después de haber advertido al tutor académico del becario en concreto.*

Decimoprimera.- *Para el presente Convenio de Colaboración Formativa, la Entidad colaboradora que acoge a los colegiados-becarios, preverá para el mismo una beca cuya cantidad económica quedará reflejada en el documento de adscripción de cada colegiado a las prácticas y cuyo abono se ajustará a las previsiones legales vigentes.*

En la medida en que las prácticas conlleven una beca con prestación económica por parte de la Entidad colaboradora, ésta se obliga a cumplir las normas establecidas en el Real Decreto 1493/2011 de 24 de octubre de 2011.

Decimosegunda.- *En documento anexo, se reflejarán los nombres concretos de los colegiados beneficiarios de este Convenio, la duración de sus prácticas y, en su caso, la cuantía económica de la beca que vayan a percibir.*

Decimotercera.- *La Entidad colaboradora declbra tener un seguro suficiente de responsabilidad civil y de accidentes que asegure la responsabilidad del becario en el desempeño de la beca así como los posibles accidentes que pudiera sufrir durante el período formativo de prácticas.*

Decimocuarta.- *Todos los gastos no previstos en el presente Convenio como los de alojamiento, manutención, transporte y demás que pudiera ocasionarle las prácticas al colegiado, correrán a su exclusivo cargo.*

Decimoquinta.- *Este convenio no supone cesión de datos de carácter personal por el Colegio a la Entidad colaboradora ni viceversa. Los alumnos proporcionarán directamente sus datos al Colegio y a la Entidad colaboradora.*

En cualquier caso, tanto la Entidad colaboradora como el Colegio se comprometen a cumplir con la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de Diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD) y de normativa de desarrollo, en concreto en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la LOPD.

Decimosexta.- *El periodo de vigencia de este Convenio de colaboración*

será de un año, prorrogable tácitamente por iguales períodos, salvo denuncia expresa por alguna de las partes con un mes de antelación a la fecha del fin del período de vigencia inicial o de sus prórrogas.

Decimoséptima.- *A la finalización del período de prácticas de cada colegiado, la Entidad colaboradora deberá emitir un certificado por el que se reconozca a éste el tiempo de prácticas realizado, con expresa mención de la especialidad a la que ha estado orientada su formación, así como el programa desarrollado.*

Decimoctava.- *Las partes podrán publicitar este acuerdo. No obstante, la utilización de los logos del Colegio o de la Entidad colaboradora requerirá del consentimiento escrito de la otra parte.*

Decimonovena.- *Las partes acuerdan intentar resolver amistosamente cualquier cuestión relacionada con el presente convenio y hacer sus mejores esfuerzos para ello.*

Asimismo pactan expresamente que toda controversia que pueda surgir respecto de este contrato y su ejecución, y no se resuelva amistosamente, se resuelva en todo caso mediante arbitraje a administrar por la Corte de Arbitraje del Colegio de Abogados de A Coruña, con sujeción a sus Estatutos y Reglamento de Procedimiento.

Y siendo de conformidad de las partes, firman este Convenio de Colaboración Formativa para la realización de Prácticas, en cada una de sus siete páginas, por duplicado en A Coruña a 11 de Novembro de 2016.

*Por el Colegio
Oriol Sarmiento Díaz
Decano*

*Por la Entidad colaboradora
Manuel Cuiña Fernández
Alcalde”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

A adhesión ao convenio do Concello de Silleda, así como a aceptación dos compromisos establecidos no convenio arriba citado, para a organización de prácticas formativas ós Enxeñeiros Industriais.

8º.- ADHESIÓN DO CONCELLO Ó PLAN COMPOST REVITALIZA D DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia nº 199, de data 18 de outubro de 2016, publícase o protocolo de actuación para a adhesión dos Concellos ao Plan Compost Revitaliza e bases reguladoras das subvencións convocadas para consolidar dito Plan.

Visto que o obxecto de dito Plan é impulsar o tratamento da fracción Orgánica de Residuos Municipais co obxectivo final de compostar polo menos o 2% do lixo orgánico antes do ano 2020, así como substituír o actual sistema de recollida e tratamento (sogama) polo novo sistema baseado na compostaxe.

Visto o protocolo de actuación relativo ao Plan Compost Revitaliza da Deputación de Pontevedra, segundo o establecido no artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro: A adhesión ao Plan Compost Revitaliza da institución provincial no termos expresados no protocolo de actuación (BOP nº 199 de data 18 de outubro de 2016), con compromiso de cumprir as obrigas municipais derivadas del.

Segundo: Designar, para todos os efectos, como representante legal do Concello no Plan Compost Revitaliza a Dº Alfredo Abeledo Penas.

Terceiro.- Trasladarlle este acordo de adhesión ao Servizo de Asistencia Intermunicipal do organismo provincial para os efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e quince minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 15 de Novembro de 2016

Vº e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga